



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 1 DE MARZO DE 2007,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se crea a Unidade de Muller e Ciencia de Galicia

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Decreto polo que se declara monumento natural a Carballa da Rocha, no Concello de Rairiz de Veiga

**CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO**

- Decreto polo que se modifica o decreto sobre subvencións a fondo perdido para o remate exterior de vivendas unifamiliares de nova construción

**CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

- Decreto polo que se dispón o cesamento de Francisco Fernández Cortés como director xeral de Recursos Mariños da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos
- Decreto polo que se nomea a Antonio García Elorriaga como director xeral de Recursos Mariños da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gastos de carácter plurianual ao abeiro do Decreto polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na resolución do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, pola que se regulan as bases para a concesión de prestacións periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia e se procede á súa convocatoria



## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e o Concello de Catoira, para a execución dunha actuación en obras de contornos urbanos
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e o Concello de Vimianzo, para realizar as obras de acondicionamento dun espazo público en Vilaseco, Castrelo (Vimianzo)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ribadeo para realizar as obras de acondicionamento e urbanización do parque da praza de España, rúa Dionisio Gamallo Fierros e Rinconada de San Francisco

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para establecer anticipos superiores ao 10% do importe das subvencións no momento da súa concesión e se establecen as bases reguladoras e se convocan as subvencións ás organizacións profesionais agrarias para o exercicio 2007

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo de autorización para a aceptación da cesión dunha parcela de 1.048 metros cadrados, feita a título gratuito, polo Concello de Entrimo (Ourense) a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun centro de saúde
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración en materia de asistencia sanitaria entre o Ministerio de Defensa, a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e o Servizo de Saúde

## **CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a Consellería de Vivenda e Solo, o Concello de Carballeda de Avia e *Xestur-Ourense S.A.* para o desenvolvemento do Polígono Ambiental de Carballeda de Avia, baixo as premisas



de sustentabilidade, que debe comportar a adquisición de terreos, a execución do proxecto de obras de urbanización e mesmo a venda das parcelas resultantes

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Informe polo que se dá conta do inicio da convocatoria en 2007 de bolsas, axudas e premios a estudantes universitarios das universidades galegas

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia do Acordo de mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia do Acordo sobre xornada, retribucións e condicións de traballo dos médicos de urxencias hospitalarias do SERGAS que se asinará o 2 de marzo de 2007

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Informe sobre alternativas aos asolagamentos nos concellos de Cee, Baiona e Vilagarcía de Arousa



## A XUNTA PON EN MARCHA A UNIDADE DE MULLER E CIENCIA PARA PROMOVER A IGUALDADE NOS ÁMBITOS CIENTÍFICO E TECNOLÓXICO

- *O Goberno galego aprobou hoxe o decreto de creación desta unidade, na que colaboran as consellerías de Educación e Innovación e a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar*
- *Dentro desta unidade, traballarase na promoción de actuacións dirixidas a eliminar os desequilibrios de xénero existentes no relativo á formación científica, así como eido da investigación e a innovación*
- *Promoverá un programa galego de muller e ciencia que busca contribuír á incorporación das mulleres como científicas e tecnólogas no tecido produtivo*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, aprobou o decreto de creación da Unidade de Muller e Ciencia, un órgano colexiado de asesoramento co que se pretende incrementar a presenza da muller nos ámbitos científico e tecnolóxico. A Unidade Muller e Ciencia é unha aposta transversal na cal se implican as consellerías de Educación e Innovación e Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Traballará na promoción de actuacións dirixidas a eliminar os desequilibrios de xénero existentes no relativo á formación científica, así como no eido da investigación e innovación e no da xestión da I+D+i, ao tempo que pretende tamén situar a perspectiva de xénero nun primeiro plano nos estudos e actividades científicas.

Entre as súas funcións está a realización de informes que permitan establecer o estado actual da situación en Galicia e a súa evolución no tempo, sensibilizando a sociedade sobre a presenza real das mulleres nestes ámbitos, e permitindo deseñar accións, propostas e recomendacións que contribúan a promover a equidade de homes e mulleres na ciencia e na tecnoloxía. A unidade fomentará en todos os ámbitos e niveis educativos a orientación non sexista para promover a presenza das mulleres nos itinerarios e especialidades científicas e tecnolóxicas.

A unidade promoverá un Programa Galego de Muller e Ciencia que, entre outras cuestións, busca contribuír á incorporación das mulleres como científicas e tecnólogas no tecido produtivo. Tamén prevé este programa levar a cabo accións de sensibilización para fomentar a súa presenza nos órganos responsables da selección e avaliación do persoal científico e en formación, e nos órganos responsables da concesión de axudas á investigación científica e á innovación e nos espazos de xestión da I+D+i e demais organismos que teñan responsabilidades nos ámbitos científico e tecnolóxico. No plan preténdese, así mesmo, que se integre o principio de igualdade de xénero en todas as fases de aplicación, control e avaliación dos proxectos e programas de investigación científica realizados con apoio ou financiamento do Goberno galego e outras institucións. Por outra banda, prevese a



elaboración dun estudo histórico que permita a difusión e visibilización na sociedade das contribucións feitas por mulleres á ciencia e á tecnoloxía en Galicia.

### **Iniciativa transversal**

As actuacións dende a perspectiva de xénero nos ámbitos social, científico, tecnolóxico e educativo son estratéxicas para avanzar cara a un modelo de sociedade máis xusta. Para isto, faise necesario contar cunha área de traballo interdepartamental estable que dinamice e transforme a ciencia e a tecnoloxía galegas, unha necesidade á que dá resposta a Unidade de Muller e Ciencia como órgano de asesoramento.

A Unidade de Muller e Ciencia funcionará en Pleno e en comisións de traballo, que se poderán crear para xestionar de forma autónoma as iniciativas, programas e actuacións que nelas delegue o Pleno.



## **NOMEADO ANTONIO GARCÍA ELORRIAGA COMO NOVO DIRECTOR XERAL DE RECURSOS MARIÑOS DA CONSELLERÍA DE PESCA**

O Consello da Xunta deu hoxe o visto bo ao cesamento, a petición propia, de Francisco Fernández Cortés como director xeral de Recursos Mariños, e ao nomeamento de Antonio García Elorriaga como novo responsable deste departamento.

García Elorriaga é capitán da Marina Mercante e desenvolveu durante vintedous anos diversas funcións, sempre vinculadas ao sector pesqueiro, no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Entre os cargos que desempeñou ao longo deste período destacan o de Xefe de Sección de Plans de Inspección, planificando o control, a inspección e a vixilancia das actividades pesqueiras, transbordos, desembarcos e transporte de produtos en augas e portos españois entre 1981 e 1988. Ese mesmo ano ocupou a dirección de Programas para a Relación coa Comunidade Económica Europea, cargo que ostentou entre os anos 1988 e 1990. Ata 1991 foi conselleiro técnico da Dirección General de Relacións Pesqueiras Internacionais e dende ese mesmo ano e ata 2003 ocupou o posto de Subdirector General do Caladoiro Nacional e Acuicultura, tamén adscrito ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

O novo director xeral de Recursos Mariños é un grande experto en temas pesqueiros e participou como asesor para o MAPA en misións en Rumanía e Lituania. Ademais, colaborou en diversas publicacións como o Libro Blanco da Pesca. García Elorriaga é autor do Estudo sobre Artes e Aparellos de Pesca do Cantábrico e Noroeste.



## **A CARBALLA DA ROCHA, EN RAIRIZ DE VEIGA, DECLARADA MONUMENTO NATURAL**

- *A Carballa da Rocha é o sexto espazo protexido deste tipo na Comunidade Autónoma*
- *O decreto entrará en vigor unha vez sexa publicado no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto mediante o cal se declara como espazo protexido a Carballa da Rocha, sita no termo municipal de Rairiz de Veiga, dentro da comarca da Limia, na provincia de Ourense. A orde entrará en vigor unha vez se publique no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

A declaración da Carballa da Rocha como monumento natural baséase na notoria singularidade desta formación arbórea, pertencente á especie *Quercus robur L.* Esta carballa destaca por contar cun fuste de 6,90 metros de perímetro e unha excepcional altura total de 33 metros, polo que presenta un notable interese científico, cultural e paisaxístico.

Así mesmo, a zona coñecida como Carballa da Rocha destaca pola súa privilexiada situación, xa que abarca 0,64 hectáreas na bacía do río Limia, onde antigamente se atopaba a Lagoa de Antela, e próxima ao LIC Veiga de Ponteliñares.

O proceso para a declaración desta zona como monumento natural iniciouse no pasado ano, por petición unánime de todos os partidos políticos no Parlamento de Galicia. A Dirección Xeral de Conservación da Natureza realizou o plan de conservación e os estudos pertinentes para a elaboración do decreto, que tras cumprir o prazo de exposición pública e alegacións, foi aprobado hoxe polo Consello.

A entrada en vigor do decreto suporá que se lle aplique á Carballa da Rocha o réxime xurídico dos espazos naturais protexidos, que establece medidas de protección para a zona e a suspensión das actividades que non contén coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

### **Seis monumentos naturais**

A Carballa da Rocha será o sexto monumento natural de Galicia. Esta declaración sumarase as xa existentes na Fraga do Catasós (Lalín); o Souto da Retorta, en Chavín-Viveiro, e a Praia das Catedrais, en Ribadeo-Barreiros, (Lugo); o Souto de Rozabales, en Manzaneda (Ourense), e A Costa do Dexo, en Mera (A Coruña). A serra de Pena Corneira, sita en Ribadavia (Ourense), tamén se engadirá á relación de monumentos naturais de Galicia. Actualmente está na fase de presentación e resolución de alegacións e, unha vez rematada esta, será presentado ao Consello da Xunta para a súa aprobación.



## A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO DESTINA 1,5 MILLÓNS DE EUROS AO REMATE EXTERIOR DE VIVENDAS NO RURAL

- *Nesta nova convocatoria as axudas individuais poderán ascender a 6.000 euros, o que supón un incremento do 50 por cento respecto das axudas establecidas en 2006*
- *Preténdese que ningunha familia deixe de rematar a súa casa por falta de recursos económicos*

O Consello da Xunta aprobou o incremento das axudas do programa *Remate Exterior das Vivendas* no medio rural ata os 6.000 euros por persoa, o que supón un incremento do 50 por cento respecto das axudas establecidas no 2006.

A Consellería dedica en 2007 unha partida de 1,5 millóns de euros para sufragar estas axudas, o que beneficiará como mínimo a 250 vivendas, no caso de que os solicitantes obtivesen a subvención máxima.

A modificación do Decreto 64/2006, que regula estas axudas, supón ademais que non se lles esixirá aos solicitantes que, como ata agora, a vivenda obxecto das obras teña menos de 15 anos. Si será imprescindible que a vivenda conte coa licenza municipal de obra e debe ter os paramentos exteriores e a carpintaría exterior completa.

A Consellería de Vivenda e Solo puxo en marcha no 2006 esta liña de axudas dirixida ao remate exterior das vivendas unifamiliares no medio rural dirixidas ás rendas familiares que non superen 2,5 veces o Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM), é dicir, 1.200 euros ao mes.

A subvención é o equivalente ao 30 por cento do custo da obra realizada por un importe máximo de 6.000 euros, e as obras deberán efectuarse nos tres meses posteriores á notificación da concesión da axuda.

Con esta liña de axudas a consellería pretende contribuír a que ningunha familia deixe de rematar a súa casa por falla de recursos económicos, fomentar a calidade construtiva das vivendas e tamén contribuír a frear a deterioración e o impacto sobre o territorio que provocan as vivendas inacabadas espalladas por todo o país.

Vivenda e Solo publicará nos próximos meses unha orde en que se concretará o comezo do prazo de solicitude e o orzamento que vai destinar para estas axudas durante 2007.





## **O GOBERNO GALEGO CONVOCA AS AXUDAS DESTINADAS ÁS MULLERES MALTRATADAS, PARA O ANO 2007**

- *En 2006 estas axudas posibilitaron a independencia económica dos seus agresores de 275 mulleres maltratadas*
- *As axudas económicas ascenden ata 600 euros ao mes e poderanse cobrar durante un ano*
- *O orzamento para 2007 ascende a un millón de euros*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá unha partida de 313.400 euros para o chamado salario da liberdade, destinado ás mulleres maltratadas. Estes cartos súmanse aos 686.600 comprometidos, tamén para o 2007, na convocatoria anterior. Deste xeito, o orzamento para financiar o salario da liberdade para o 2007 ascende a un millón de euros. O obxectivo desta prestación é facilitar a independencia económica das mulleres que sofren violencia de xénero dos seus agresores.

Segundo establece a orde que regula a concesión destas axudas, as persoas que soliciten o chamado *salario da liberdade*, deberán acreditar que sofren malos tratos, presentando unha orde de protección xudicial ao seu favor, ou un informe do Ministerio Fiscal, dos servizos sociais ou do centro de acollida en que quede constancia da existencia de indicios de violencia.

Ademais, para poder acceder a esta prestación, a muller debe ser maior de idade ou estar emancipada, debe residir en Galicia e demostrar que carece de recursos suficientes como para poder emanciparse do seu agresor.

### **Finalidade das axudas**

A finalidade do salario da liberdade é proporcionar apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero para lles garantir unhas condicións suficientes de seguridade económica respecto do agresor que lles posibiliten dar o primeiro paso para romper con esa situación. A través da resolución aprobada en Consello esta mañá, establécense as bases que rexerán a concesión de prestacións económicas de apoio ás mulleres vítimas de malos tratos.

### **Contía das axudas**

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar destina unha partida económica para facer fronte ao pagamento do salario da liberdade dun millón de euros. Desta contía económica, un total de 314.000 euros foron aprobados no Consello da Xunta celebrado esta mañá.



As persoas que cumpran os requisitos poderán acceder, durante un máximo dun ano, ás axudas que serán de ata 600 euros ao mes. Esta contía económica percibirana aquelas mulleres que teñan ingresos inferiores ou iguais ao salario mínimo interprofesional ou que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%. Se a muller vítima de malos tratos cobra rendas superiores ao salario mínimo interprofesional, pero non supera o dobre deste salario, recibirán 400 euros ao mes. Esta cantidade reducirase a 200 euros mensuais cando perciba rendas que estean entre o dobre e o triplo do salario mínimo interprofesional. Neste último caso, as axudas poderanse incrementar en 50 euros máis por cada filla/o menor de idade que teña ao seu cargo.

### **Presentación das solicitudes**

As solicitudes deberán dirixirse á directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade e presentarse no rexistro deste organismo, dende a entrada en vigor da orde, ao día seguinte da publicación da resolución no Diario Oficial de Galicia, ata o 30 de novembro de 2007.

As mulleres quedarán obrigadas a facilitar toda a información que se lles requira co fin de comprobar que os fondos recibidos foron utilizados para os fins propostos, é dicir, para emanciparse do seu agresor e refacer a súa vida.

Precisamente, durante o ano 2006 o salario da liberdade posibilitou que 275 mulleres acadasen a independencia económica dos seus maltratadores.



## **POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 1,5 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUN AUDITORIO EN CATOIRA E NA URBANIZACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS EN RIBADEO E VIMIANZO**

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura de cadanseu acordo de colaboración entre este departamento do Goberno autonómico e os tres municipios para levar a cabo as diferentes obras*

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 1,53 millóns de euros en diversas obras de mellora de contornos urbanos como son a construción dun auditorio e centro multiusos na localidade pontevedresa de Catoira, e o acondicionamento de espazos públicos nos concellos de Ribadeo (Lugo) e Vimianzo (A Coruña).

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de convenios de colaboración entre Política Territorial e estes tres concellos co fin de levar a cabo as obras.

### **Catoira**

Froito dun convenio de colaboración que proximamente asinarán a Consellería de Política Territorial e máis o Concello de Catoira, o departamento que dirixe María José Caride destinará un total de 900.000 euros, repartidos en tres anualidades, para a construción dun auditorio e centro multiusos, que estará situado na zona denominada Fonte Gaiteira.

Deste xeito, Catoira contará cun edificio de nova construción onde se poderán desenvolver eventos culturais en condicións axeitadas ás novas demandas sociais deste tipo de actividades.

### **Ribadeo**

Doutra banda, o Consello da Xunta tamén autorizou hoxe un convenio entre a CPTOPT e o Concello de Ribadeo para levar a cabo obras de acondicionamento e urbanización do parque da Praza de España e das rúas Dionisio Gamallo Fierros e Rinconada de San Francisco.

A actuación, en que Política Territorial investirá 454.356 euros, desenvolverase na zona do parque da Praza de España, onde se atopa tamén a Casa do Concello, un ámbito destinado a usos de ocio e comercial. A actuación, en que Política Territorial investirá 454.356 euros, inclúe a dotación de rega automática para todo o parque, a instalación dunha fonte, a reposición dos pavimentos en toda a área de actuación e a substitución do mobiliario urbano.



O Concello de Ribadeo asume a obriga de poñer á disposición os terreos e tramitar todas as licenzas necesarias. Unha vez concluída a obra, o concello tamén asumirá a súa explotación e mantemento.

### **Vimianzo**

Así mesmo, Política Territorial destinará preto de 176.000 euros ás obras de acondicionamento dun espazo público no concello de Vimianzo, concretamente no lugar de Vilaseco (que pertence á parroquia de Castrelo).

Segundo o convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello de Vimianzo que hoxe foi autorizado polo Consello da Xunta, as obras teñen por obxecto urbanizar a zona co fin de acadar un mellor uso colectivo. Cómpre salientar que o dito espazo, ata fai pouco vinculado a traballos rurais, actualmente destínase a actividades ligadas ao tempo libre e festexos puntuais.

Tamén neste caso, correspóndelle ao concello poñer á disposición os terreos e tramitar as licenzas necesarias. A explotación e o mantemento deste espazo público correrá a cargo da administración local, unha vez que estean rematadas as obras de acondicionamento que se realizarán.



## **MEDIO RURAL CONVOCA UNHA NOVA ORDE DE AXUDAS DESTINADAS ÁS ORGANIZACIÓNS PROFESIONAIS AGRARIAS**

O Goberno galego, a través da Consellería do Medio Rural, establecerá unha orde de subvencións dirixidas a articular medidas de apoio ás organizacións profesionais agrarias, dotada con 1.098.000 euros. Estas axudas teñen como principal misión fortalecer a implantación e consolidación destas organizacións. As entidades interesadas en optar ás axudas poderán solicitar un anticipo dun 70 por cento da achega económica outorgada, segundo autorizou hoxe o Consello da Xunta.

A finalidade destas axudas concedidas ás organizacións profesionais agrarias consiste na realización de actividades de representación e de formación dos asociados e dos agricultores galegos en xeral.

Medio Rural considera que as organizacións profesionais agrarias representan un importante papel na vertebración social e profesional do sector primario. A súa contribución para artellar mecanismos eficaces de participación directa do sector agrario coa Administración asegura a presenza dos intereses dos produtores agrarios nos procesos de avaliación e decisión das políticas agrarias. Ademais, realizan un constante traballo a prol dunha garantía de rendas dignas para os agricultores e da mellora da calidade de vida no medio rural. Estas accións contribuíron ao recoñecemento por parte dos poderes públicos da súa lexítima representatividade como interlocutores sociais no eido agrario e mesmo tamén pola sociedade civil como entidades representativas dos labregos e labregas.

Son obxecto desta subvención os custos derivados de actividades que desenvolverán durante 2007, por parte das organizacións profesionais agrarias con implantación en Galicia, tales como funcións e actuacións que lles son propias conforme a normativa legal, funcións ordinarias de xestión interna das organizacións profesionais agrarias, representación perante as institucións, actividades de formación dos asociados e dos seus familiares e iniciativas de impulso do asociacionismo agrario.



## **A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O MINISTERIO DE DEFENSA CONCERTARÁN OS SERVIZOS SANITARIOS DO HOSPITAL BÁSICO DA DEFENSA DE FERROL**

- *A Consellería de Sanidade e o Ministerio de Defensa subscribirán proximamente un convenio, logo de que rematase o período de vixencia do convenio anterior*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a subscrición dun novo convenio entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Ministerio de Defensa para concertar os servizos sanitarios do Hospital Básico da Defensa de Ferrol. Tamén autorizou a sinatura da primeira adenda ao dito convenio. Esta nova sinatura prodúcese ao rematar o período de vixencia do convenio que ata o de agora estaba en vigor entre os anteditos organismos.

Polo tanto, a razón da sinatura deste novo convenio segue a ser a concertación de servizos co Hospital Básico da Defensa de Ferrol e a necesidade de ampliar a oferta asistencial do Servizo Galego de Saúde en certas áreas para servizos de diagnóstico e tratamento.

Por medio deste convenio, o Hospital Básico da Defensa de Ferrol comprométese á prestación destes servizos, en razón dos fins e estratexias do Servizo Galego de Saúde, con base nuns programas de coordinación de recursos coas estruturas asistenciais da Consellería de Sanidade, o que garante que os recursos sanitarios sexan planificados segundo os criterios de necesidade dos pacientes.

Dentro do convenio de colaboración, no relativo á actividade que desenvolverá o Hospital Básico da Defensa de Ferrol, establécese unha addenda que, con carácter anual, determinará as variables técnicas, asistenciais, económicas e de calquera outra índole nas que haberá de materializarse o convenio en cada exercicio. O importe da addenda ao convenio para este ano é de 322.458 euros.



## **O SERGAS INVESTIRÁ PRETO DE 600.000 EUROS NA CONSTRUCIÓN DUN CENTRO DE SAÚDE NO CONCELLO OURENSÁN DE ENTRIMO**

- *O Plan Funcional para esta nova instalación sanitaria prevé unha superficie construída de aproximadamente 500 metros cadrados*

O consello da Xunta de Galicia aceptou hoxe a cesión gratuíta dunha parcela de 1.048 metros cadrados, feita polo Concello ourensán de Entrimo a favor do Servizo Galego de Saúde, para a construción dun centro de saúde, en que Sanidade investirá arredor de 600.000 euros. A esta cantidade haberá que engadir o orzamento destinado ao equipamento.

O Plan Funcional elaborado pola Administración sanitaria galega para esta nova instalación prevé, entre outras, unha superficie construída de ,aproximadamente, 500 metros cadrados, unha consulta de medicina xeral, unha de enfermaría, unha polivalente, sala da muller, biblioteca, arquivo de historias clínicas, recepción e centralización de instalacións.

O concello ourensán de Entrimo conta, na actualidade, con 1.243 cidadáns con tarxeta sanitaria residentes no municipio. Deles, 79 son menores de 14 anos, 599 teñen entre 15 e 64 anos, e 565 superan os 64.



## **MEDIO AMBIENTE E VIVENDA COLABORARÁN NA POSTA EN MARCHA DO PARQUE AMBIENTAL DE CARBALLEDA DE AVIA**

- *O investimento para o desenvolvemento do parque ascende a 4 millóns de euros en 2007 e a 40 millóns para a súa posta en marcha*
- *Coa construción deste parque preténdese dar solución ao déficit no tratamento de residuos e convertilo en modelo de referencia para o resto de polígonos industriais*

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo, Xestur Ourense, a Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Carballeda de Avia, para o desenvolvemento do Parque Ambiental de Carballeda de Avia. O convenio establece, baixo as premisas de sustentabilidade, a adquisición dos terreos, a execución do proxecto de urbanización e a venda das parcelas resultantes.

Coa sinatura do convenio, as partes asinantes acordan expresamente excluír a instalación de plantas de incineración de residuos urbanos para o seu tratamento no Parque Ambiental de Carballeda de Avia.

O investimento no 2007 para o desenvolvemento desta actuación ascende a 4 millóns de euros, dos cales a Consellería de Vivenda e Solo achegará 3,7 millóns de euros, e os 300.000 euros restantes serán achegados pola Consellería de Medio Ambiente. Pero, o investimento total previsto por Vivenda para a totalidade do parque, que se espera conclúa en 2009, será de 40 millóns de euros.

Segundo o convenio, a Consellería de Vivenda e Solo encargárase de convocar o concurso público para a redacción do planeamento de desenvolvemento e do proxecto de urbanización, e encargará unha modificación do planeamento xeral do Concello de Carballeda de Avia que terá como finalidade a ampliación do solo empresarial en dúas zonas situadas ao Norte e ao Sur do sector a desenvolver, tal e como recomenda o estudo de viabilidade encargado por Vivenda.

A adquisición dos terreos e a posterior licitación das obras de urbanización correrán a cargo de Xestur Ourense, sociedade pública adscrita á Consellería de Vivenda e Solo, que tamén se encargará da posterior venda das parcelas.

Pola súa banda, o Concello de Carballeda de Avia realizará os trámites administrativos para axilizar a aprobación do documento de planeamento preciso para desenvolver a actuación, así como para a identificación dos propietarios dos terreos do ámbito e a súa adquisición por mutuo acordo.





### **Un modelo no tratamento de residuos**

O parque medioambiental de Galicia cumprirá fundamentalmente dous obxectivos. Por unha banda, da solución ao déficit no tratamento dos residuos e, por outro lado, constituirá un modelo de referencia para o resto dos polígonos industriais de Galicia.

O parque albergará exclusivamente industrias vencelladas co tratamento de residuos e seguirá criterios de máximo respecto ambiental e sustentabilidade. Contará, entre outras, con prantas de tratamento de residuos sólidos urbanos, aceites vexetais e animais, aparellos electrónicos, disolventes, metais e compostos metálicos, neumáticos fóra de uso, papel e cartón, plásticos, tóner e cartuchos de tinta ou ácidos.

Ademais as empresas deberán usar tecnoloxía avanzada, ter responsabilidade social e ser respetuoso co contorno natural.



## EDUCACIÓN DESTINARÁ PRETO DE 5 MILLÓNS DE EUROS A BOLSAS UNIVERSITARIAS EN 2007

- *Esta cifra supón un crecemento do 24,24% con respecto ao 2006 e do 95% con relación ao 2005*
- *Ao redor de 2.577 alumnos poderán beneficiarse destas accións, 410 máis que o ano anterior*
- *A convocatoria recolle axudas para mobilidade, iniciación á investigación, programas de posgrao, asociacionismo universitario, premios, créditos, situacións especiais e actualización e innovación docente*

A conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón, informou esta mañá ao Consello da Xunta da convocatoria de bolsas, axudas e premios a estudantes e profesores das universidades galegas para 2007. A Administración educativa destina un total de 4.932.242 euros para estas accións, o que supón un crecemento do 24,24% con respecto ao 2006, e do 95% con relación ao 2005. Estas axudas beneficiarán, segundo as previsións de Educación, a 2.577 alumnos e alumnas, 410 máis que en 2006, e 818 máis que en 2005, o que supón un 46% máis.

O obxectivo desta convocatoria é o incremento da cantidade e a calidade das bolsas, axudas e premios, de acordo co compromiso de duplicar o seu número ao final da lexislatura. Para isto, impulsáronse importantes medidas cuantitativas, coma o incremento do número de bolsas e contía de cada unha delas; e cualitativas, a través da mellora e a simplificación da súa xestión.

Dentro do epígrafe de mobilidade de alumnos e alumnas, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria investirá un total de 1.096.846 euros nas axudas complementarias do programa de mobilidade Sócrates-Erasmus e Suíza, que nestes momentos se atopa en fase de resolución. Ademais, o día 27 deste mes a Administración educativa fixo pública a convocatoria de axudas a estudantes con residencia en Galicia, que realizan estudos oficiais nas universidades públicas de fóra da Comunidade, por non estaren implantados no sistema universitario de Galicia. Esta acción conta cunha dotación global de 93.303 euros.

Ademais, tamén dentro deste epígrafe, Educación destinará 140.000 euros para a aprendizaxe dunha segunda lingua nun país da Unión Europea; e 40.000 euros a bolsas de residencia destinadas aos galegos e galegas que viven en territorio nacional fóra da Comunidade, para realización de estudos universitarios de 1º e 1º e 2º ciclo en centros do Sistema Universitario de Galicia (SUG). Por outra banda, os emigrantes galegos ou os seus descendentes poderán optar a axudas para cursar estudos universitarios de 1º ciclo, 1º e 2º ciclo ou 3º ciclo nas universidades galegas. Esta



acción conta cunha dotación de 220.000 euros, dos cales a Secretaría Xeral de Emigración achega 110.000.

Por último, a Administración educativa convocará axudas para a realización de prácticas en empresas europeas a través de programas coma o Leonardo; e para a mobilidade en países extracomunitarios, mediante convenio coas universidades. O investimento ascende a 127.00 euros para cada acción, coa posibilidade de verse incrementado, en función do número de prazas que convoque cada universidade.

### **Iniciación á investigación e posgraos**

A Consellería tamén achegará 1.908.770 euros ás bolsas de terceiro ciclo; 126.000 ás de colaboración nos departamentos; e 53.000 ás axudas para asistencia a congresos, simposios e seminarios. Ademais, destinará 195.725 euros para a realización de estudos oficiais de posgraos nas universidades do Sistema Universitario de Galicia.

Por outra banda, a Administración educativa investirá un total de 399.000 euros nos Premios de Excelencia Académica para o alumnado que inicie estudos universitarios no SUG; así coma nos Premios de Fin de Carreira. Ademais, publicou onte axudas para asociacións de estudantes por valor de 53.330 euros, que teñen como obxectivo apoiar actividades que favorezan o asociacionismo e potenciar aquelas iniciativas de carácter formativo e científico que poidan organizar.

A convocatoria de 2007 tamén recolle unha dotación de 12.000 euros para os interesados e interesadas en solicitar créditos bancarios para o financiamento dos estudos de 1º, 2º ou 3º ciclo, ou prorrogar os concedidos na convocatoria anterior. Así mesmo, conta cun investimento de 76.629 euros para o alumnado que, por causa sobrevida ou imprevista, teña dificultades económicas para continuar estudos.

Dentro do epígrafe de mobilidade, actualización e innovación docente do profesorado, cun investimento de 133.974 euros, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria inclúe dúas accións: o fomento da calidade da docencia dos profesores e profesoras do SUG, e as estadias de profesores excelentes de fóra do Sistema Universitario de Galicia. Ambas as dúas están encamiñadas ao fomento da actualización e a innovación docente e á converxencia co Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).



## O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE ESTABLECE IMPORTANTES MELLORAS NAS CONDICIÓN DE TRABALLO E RETRIBUTIVAS DOS MÉDICOS DE URXENCIAS HOSPITALARIAS E DO PERSOAL RESIDENTE EN FORMACIÓN

- *Entre as melloras destaca a modificación de xornada e horarios, co fin de acadar unha aproximación das condicións de traballo dos residentes en formación ás do persoal estatutario, fixándose a xornada ordinaria anual en 1.624 horas, en lugar das máis de 1.800 anteriores.*
- *Establécese un límite de cinco gardas ao mes para os licenciados e de dúas noites para o persoal diplomado*
- *Os actuais 1.077 residentes en formación cobrarán, cada un deles, entre 560 e 920 euros máis ao ano*
- *O sistema de gardas médicas nas unidades de Urxencias mudará a unha xornada regulada, ordinaria e complementaria, cunhas retribucións que recollen o traballo a quendas e con nocturnidade no seu réxime*

A conselleira de Sanidade, María José Rubio Vidal, informou hoxe ao Consello da Xunta dos acordos da Mesa Sectorial para a mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación e dos médicos de urxencias hospitalarias do Servizo Galego de Saúde. O primeiro destes acordos foi asinado o venres pasado e o segundo será ratificado mañá, 2 de marzo.

Logo da aprobación do plan de estabilidade e fin da precariedade do persoal facultativo especialista, son xa tres os acordos de relevancia que o Goberno galego vén de asignar no último mes, con unánime apoio sindical, e dirixidos todos eles a mellorar as condicións de traballo dos facultativos sanitarios galegos.

### **Persoal residente en Formación**

O ámbito de aplicación do acordo referido ao persoal residente é tanto para o xa contratado como para o que se contrate no futuro no Servizo Galego de Saúde mediante relación laboral de carácter especial de residencia para a formación de especialistas en Ciencias de Saúde. A súa vixencia é de dous anos, dende o 1 de xaneiro de 2007 ata a o 31 de xaneiro de 2009; e con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2006 para atención continuada.

Entre as melloras recollidas neste acordo hai que subliñar a modificación dos contratos de traballo no que atinxe ao réxime de xornada e horarios, co fin de acadar unha aproximación das condicións de traballo dos residentes en formación ás do persoal estatutario, fixándose a xornada ordinaria anual en 1.624 horas, en lugar das máis de 1.800 anteriores. Así mesmo, establécese un límite máximo para a xornada complementaria, que será de cinco gardas ao mes para os licenciados e de dúas noites ao mes para o persoal diplomado.



O horario da actividade do residente, tanto en xornada ordinaria como complementaria, adaptarase ás características organizativas da unidade en que presten servizos, de acordo co programa formativo, recoñecéndose, ademais, o dereito a un período mínimo de descanso ininterrompido de 12 horas entre xornadas, coa aplicación de descansos compensatorios do persoal estatutario.

Grazas ao acordo, os actuais 1.077 residentes en formación cobrarán, cada un deles, entre 560 e 920 euros máis ao ano. Deste xeito, o incremento salarial deste colectivo vai supor, só este ano, máis de 780.000 euros, e o acordo no seu conxunto case que catro millóns de euros, máis a cantidade destinada á atención continuada.

Introdúcense, por outra banda, importantes melloras das prestacións sociais en caso de baixa por incapacidade temporal, risco por embarazo ou maternidade.

Todas estas medidas incrementan, de xeito significativo, a calidade das condicións laborais e formativas dos residentes e redundan na preparación dos futuros especialistas, cunha incidencia fundamental na prestación de servizos nas institucións sanitarias que forman parte do Servizo Galego de Saúde.

### **Médicos de urxencias hospitalarias**

Polo que atinxe ao acordo sobre a xornada, retribucións e condicións de traballo dos médicos de urxencias hospitalarias do Servizo Galego de Saúde, o seu ámbito de aplicación é o persoal médico de urxencias con vínculo estatutario fixo e temporal, conformado por máis de 250 profesionais.

Este acordo supón mudar o sistema de gardas médicas nas unidades de Urxencias por unha xornada regulada, ordinaria e complementaria, cunhas retribucións que recollen o traballo a quendas e con nocturnidade no seu réxime, sendo estes aspectos novidosos no colectivo de facultativos especialistas.

A xornada a quendas fíxase en 1.430 horas anuais. As retribucións inclúen, ademais das propias do persoal facultativo, un complemento retributivo de nova creación, que retribúe a especificidade da prestación, nocturnidade, festividade e traballo a quendas.

O obxectivo xeral desta regulación é acadar unha mellor adaptación das condicións de traballo e retributivas destes profesionais á prestación sanitaria nos servizos de urxencia, en canto á organización e ás actuais características do emprego nesta categoría.



## O CONSELLO DA XUNTA ANALIZOU HOXE OS PROPOSTAS PARA RESOLVER OS PROBLEMAS ESTRUTURAIIS QUE INUNDAN CEE, BAIONA E VILAGARCÍA

- *O investimento total non baixará dos 14 millóns de euros*
- *As propostas técnicas pretenden resolver dun xeito definitivo os graves problemas estruturais que padecen os tres concellos*

O conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Manuel Vázquez, presentou hoxe ao Consello da Xunta un informe sobre as alternativas e solucións que Augas de Galicia propón para evitar futuros asolagamentos nos concellos de Cee, Vilagarcía e Baiona, os mais afectados polas riadas do ano pasado. O investimento conxunto dependerá da opción que finalmente sexa elixida por cada unha das corporacións municipais, pero en ningún caso baixará dos 14 millóns de euros. Máis da metade, preto de 8, son precisos para previr futuros asolagamentos en Vilagarcía, cunha complexa intervención no río Con.

Nos tres casos, as propostas técnicas pretenden resolver dun xeito definitivo os graves problemas estruturais que padecen os tres concellos e que foron, xunto a unhas precipitacións de extraordinaria intensidade, as causas principais dos asolagamentos de Cee e dos desbordamentos dos ríos Con, en Vilagarcía, e do Río Groba, en Baiona, co mesmo resultado que na vila coruñesa.

### **Cee**

No caso de Cee, a Consellería de Medio Ambiente, a través de Augas de Galicia, plantexa actuacións nos ríos Cee, Laxes ou Son e no Ferrol ou Madriñán, actualmente entubados baixo o núcleo urbano da localidade. O documento presentado hoxe ao Consello da Xunta plantexa dúas alternativas para cada un dos ríos, se ben non se elixirá a definitiva ata que se posicione a corporación de Cee.

Para financiar as solucións estruturais aos problemas de inundacións que historicamente ven padecendo Cee, o Ministerio de Medio Ambiente e a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible asinarán un convenio por importe de 4 millóns de euros, que asumirán equitativamente cada una das administracións.

Das propostas de actuación para os tres concellos, a de Vilagarcía é a tecnicamente máis complexa e a máis custosa. Segundo o estudo de propostas de actuación analizado hoxe polo Consello da Xunta, a intervención afecta a 7 tramos do río Con, así como a varios pontes e pasarelas peonís. O investimento elévase a 7,8 millóns de euros.



### **Vilagarcía e Baiona**

Xa por último en Baiona, o documento propón tres posibles actuacións de diferente complexidade e impacto para resolver os problemas estruturais que inundan periodicamente o núcleo de Sabarís. En función de opción elixida, o investimento oscilará entre 2,2 e 8 millóns de euros.

Á espera de que as respectivas corporacións municipais, xunto con Augas de Galicia, opten por algunha das propostas que hoxe foron examinadas polo Consello da Xunta, a inversión para zanxar os problemas estruturais dos tres concellos non baixará en ningún caso dos 14 millóns de euros.